

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 17 DE DECEMBRO DE 2007**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

- 1885/06.- Grupo El Gallego – Montecelio.**- Reforma dunha nave e apertura (**Lap/92/07**) de oficinas e almacén no Polígono Industrial do Tambre, na Vía Faraday núm.22.-  
**1916/07.- Eduardo Otero Regueiro.**- Substitución de cuberta no Lugar de Bargo núm.24.-  
**1433/07.- Santiago Veiga Rodríguez.**- Rehabilitación e ampliación de viv. unif. en Casas da Hedra núm.6.-  
**1580/06.- Vicente García Porto, S.L.**- Viv. unif. no Barrio de Cornes, núm.57.-

#### **PRÓRROGA.-**

- 2634/07.- Saldi Barreira, S.L.**- 20 viv. unif. encostadas na U.X. núm.166 de Santas Mariñas, parcelas 3, 5, 6, 7 e 8. (+).-

#### **PARCELACIÓN.-**

- 1985/07.- Carmen Gigirey Otero.**- Parcela sita no lugar de Formarís (+).-

### **SUBSANACIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE DATA 13 DE NOVEMBRO DE 2006**

- 925/04.- Ute Cancelas ED1.**- Edificio na R/ Cancelas, parcela ED1 do SUNP-3 de Cancelas Mallou.-

#### **APERTURAS.-**

- Lap/157/07.- Centro Empresarial Compostela, SC.**- Oficinas na R/ Fernando III o Santo núm.32.-  
**Lap/487/06.- Esclavitud Forján Villar.**- Apertura de Oficina de farmacia na Rúa Torrente, Conxo núm.55.-

### **OCIHR**

#### **LICENZAS.-**

#### **FAVORABLES.-**

- LIC/746/2007.- CONSTRUCCIONES OTERO POMBO SA.**- Modificación de Licenza concedida na sesión 17 de outubro de 2005 para construcción de 23 vivendas na U-4, parcelas 17, 18, 19 e 20 maza 3.301 na rúa CARAMONIÑA.

- LIC/1219/2007.- DANIEL NOYA MIRAMONTES.**- Derruba e construcción de vivenda unifamiliar na Rúa Agro das Barreiras nº 30

- LIC/2450/2007.- CARRIS HOTELES.**- Demolición, limpeza e consolidación estructural do edificio sito na rúa Acibecharía, 14.

- LIC/296/2006.- JACOBO PEREZ PAZ.**- Subsanación de erro cometido na licenza de obra concedida na xunta de goberno local do 25/09/2006 e cambiar o enderezo de rúa de San Bieito nº 8 por rúa de Santo Agostiño nº 8.

#### **5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Concédense axudas para varias familias por importe de 952 euros.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á revisión de prezos de contratos de limpeza, vixilancia e Conservación de diversos Centros de Educación Infantil, Primaria e Pavillóns Polideportivos.**

Acórdase a revisión do prezo conforme á variación experimentada polo IPC no período comprendido entre setembro de 2006 e setembro de 2007, con efectos desde a segunda

quincena de outubro de 2007, dos contratos de limpeza, vixilancia e conservación dos seguintes centros: CEIP Apóstolo Santiago e Pavillón Polideportivo; CEIP A. Casas Novoa; Pavillón Polideportivo Pío XII; CEIP Pío XII; CEIP Fontiñas; CEIP Monte dos Postes e Pavillón Polideportivo; CEIP Quiroga Palacios e Pavillón Polideportivo; CEIP Raíña Fabiola; CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Roxos-Villestro; CEIP Vite e Pavillón Polideportivo.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa aos Premios Educacompstela 2007.**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da acta do xurado dos premios Educacompstela 2007.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da liquidación das actividades da oferta de verán 2007.**

Apróbase a liquidación dos programas de verán 2007 (Barcelona Educa, Estadía de Educación Ambiental "As Corcerizas" e estadía na Granxa Escola), que arroxa as seguintes cifras:

- orzamento aprobado: 45.074 euros
- ingresos dos participantes: 18.045 euros
- orzamento total dispoñible: 63.119 euros
- gastos: 38.797 euros
- liquidación: 24.321 euros.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á liquidación das actividades da Escola de Verán de Inglés 2007.**

Apróbase a liquidación das actividades da Escola de Verán de Inglés 2007 coas seguintes cifras:

- gastos aprobados: 34.300 euros
- gastos realizados: 35.243 euros
- ingresos realizados: 19.886

(menos devolución de ingresos correspondentes ao 20% de desconto aplicable a familias numerosas)

- liquidación: 18.661 euros.

**10.- Xustificación dos gastos de convenios asinados con diversas entidades.**

Apróbase o gasto relativo á xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello e a entidade Cáritas Interparroquial para o ano 2007 por unha contía de 36.060 euros.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello para o desenvolvemento do plano de Competitividade Turística de Santiago de Compostela 2007.**

Apróbase a sinatura do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello para o desenvolvemento do plano de Competitividade Turística de Santiago de 2007. O convenio supón a execución dunhas actuacións en materia turística por importe de 600.000 euros. A Deputación colabora cunha achega máxima de 200.000 euros.

**12.- Proposta da concelleira delegada do Casco Histórico relativa á aprobación inicial de axudas para elementos especiais de madeira (Expedientes: CARP20/06, CARP21/06, CARP27/06 e CARP28/06).**

Apróbanse inicialmente axudas para elementos especiais de madeira en catro vivendas por valor total de 25.467 euros.

**13.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á conformidade á inclusión da obra de "Nova capa de rodadura en Rebordaos-Son de Abaixo" no Plan de Cooperación Provincial Adicional 1/2007.**

Dáse conformidade á inclusión da devandita obra no Plan de Cooperación Provincial Adicional da Deputación da Coruña, cuxo orzamento ascende á cantidade de 119.803 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva da nova conta de liquidación de gastos de urbanización da unidade de xestión número 16 (UX-16). Santas Mariñas.**

Apróbase definitivamente a nova conta de liquidación de gastos de urbanización da UX-16.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á adquisición por compra da parcela 235.2 da concentración parcelaria de San Miguel dos Agros, incluída dentro da ZV-2 de Meixonfrío e ocupada pola realización do parque POZO DA NEVE.**

Apróbase a compra á comunidade de herdeiros de Eduardo del Río Pulleiro da finca 235.2 da concentración parcelaria de San Miguel dos Agros polo prezo de 164.299 euros.

**16.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da xustificación do convenio asinado entre o Concello e a FUNDACIÓN COMPOSTELA DEPORTE.**

Apróbase a xustificación do convenio asinado coa Fundación Compostela Deporte correspondente á anualidade 2006 e unha contía de 29.000 euros, correspondente á subvención para gastos de funcionamento do ano 2007.

**17.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á xustificación do convenio entre o Concello e a DELEGACIÓN SANTIAGUESA DE BALONCESTO.**

Apróbase a xustificación da subvención concedida á Delegación Santiaguesa de Baloncesto polo desenvolvemento da Campaña Municipal de Fútbol Sala, por un importe de 2.528 euros.

**18.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á prórroga do convenio entre o Concello e a Xunta de Galicia en materia de suministración de enerxía eléctrica para dependencias do estadio de San Lázaro.**

Apróbase a prórroga do convenio polo que os gastos por electricidade correspondentes á Dirección Xeral para o Deporte, con sede no estadio de San Lázaro, son cofinanciados por Xunta e Concello.

**19.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización do uso do Pavillón do Restollal.**

Autorízase o uso do Pavillón do Restollal as entidades CD Belvís e Centro Don Bosco os días 29 e 30 de decembro desde as 16 horas do sábado 29 ata as 20 horas do domingo 30 para o desenvolvemento dun torneo de solidario de fútbol sala dentro da campaña benéfica Operación Quilo.

**20.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á solicitude dun incentivo por xubilación anticipada.**

Acórdase o pagamento dun incentivo por xubilación anticipada.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á asignación do complemento de produtividade ao persoal municipal.**

Apróbase a asignación do complemento de produtividade ao persoal municipal.

**22.- Aboamento por prestacións por servizos extraordinarios, gratificacións e plus de transporte.**

Apróbase o devandito aboamento.

**23.- Dar conta das variacións no plan de traballo das Obras de Reurbanización da Rúa NOVA DE ABAIXO.**

Dáse conta das devanditas variacións.

**24.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación dun sistema troncal de telecomunicacións para a rede de voz e datos do Concello de Santiago.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas e técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 169.186 euros.

**25.- Aluguer de local na Praza de Vigo para a súa utilización como centro sociocultural complementario ao do Ensanche.**

Acórdase o aluguer do local de 156 metros cadrados sito na Praza de Vigo-Santiago de Chile 1, 1ºC, por un importe de 789 euros/mes. O contrato terá unha duración inicial dun ano con posibilidade de prórroga.

**26.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de instalación de alumeadío público na Travesía da Susana.**

Apróbase o proxecto redactado polo enxeñeiro técnico municipal e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 53.194 euros.

**27.- Aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e inicio do expediente para a contratación do servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de educación infantil e primaria dependentes do Concello.**

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e prescripcións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 1.032.040 euros e un prazo de execución de 2 anos prorrogables.

**28.- Estimación da reclamación presentada relativa ao aboamento de atrasos correspondentes á revisión do IPC do alugueiro do local do PROXECTO PERSOA III.**

Estímase a reclamación.

**29.- Autorización da cesión dunha praza do aparcamento de Ponte Castro - A Rosa.**

Autorízase a devandita cesión.

**30.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do Convenio entre o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela para a colaboración no desenvolvemento do Master "AULA DE RENOVACIÓN URBANA E REHABILITACIÓN 2007-08".**

Apróbase o devandito convenio cunha achega municipal de 52.000 euros.

**31.- Aprobación da certificación final das obras executadas de acondicionamento de carril de servizo na N-550 (pk. 61.995 a 62.940).**

Apróbase a certificación final das obras.

**32.- Proposta da Alcaldía relativa á asignación de nomes a diversas rúas.**

Apróbase a asignación de nomes a 15 rúas.

**33.- Dar conta da acta de comprobación das Obras de Reforma de vestiarios nas piscinas exteriores do multiusos Fontes do Sar e inicio do servizo.**

Dáse conta da sinatura da acta de comprobación das citadas obras, así como da posta en servizo das instalacións.

**34.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a Dirección Xeral de Tráfico do Ministerio do Interior e o Concello, sobre acceso aos rexistros de vehículos e persoas do Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio polo que a Dirección Xeral de Tráfico facilitará ao Concello conexión telemática directa ao rexistro de vehículos e persoas.

**URXENCIAS**

**1.- Apróbase facer acopio de materiais para as obras de reurbanización da rúa Berlín, por importe de 620.736 euros.**

**2.- Co obxecto de asegurar o cumprimento da previsió contida na cláusula cuarta do convenio marco “ampliación do cadre de persoal do parque de bombeiros de Santiago” para a súa conversión en parque comarcal de bombeiros, con estensión do seu ámbito de actuación aos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, no relativo ao financiamento dos gastos de persoal e funcionamento, apróbase o texto do convenio coa Deputación da Coruña polo que esta entidade aporta (para gastos dos exercicios de 2003 a 2007) 825.865 euros.**